

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,  
O 9 DE XANEIRO DE 2014,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA**

- Decreto polo que se regula a creación do Centro de Recuperación Integral para mulleres que sufran violencia de xénero.

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Decreto polo que se aproba definitivamente a modificación puntual nº 2 das normas subsidiarias municipais do Concello de Vilaboa no lugar de Acuña, con ordenación detallada do UD-I-4 CONNORSA.

**ACORDOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA**

- Acordo polo que se aproba o calendario de plans de actuación na IX lexislatura.
- Acordo polo que se aproba o Programa de desenvolvemento lexislativo da IX lexislatura.
- Acordo polo que se aproba o Plan anual da cooperación galega para o desenvolvemento 2014.



## **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR**

- Acordo polo se aproba o texto do proxecto de decreto polo que se regulan os aproveitamentos madeiros e leñosos, de cortiza, de pastos e micolóxicos en montes de terreos forestais de xestión privada na Comunidade Autónoma de Galicia e o contido, organización e funcionamento do Rexistro de Empresas do Sector Forestal, para os efectos do seu sometemento ao ditame do Consello Consultivo de Galicia.

## **INFORMES**

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Informe sobre a convocatoria 2014 do programa Conecta pemes.



## **O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO QUE REGULA O CENTRO DE RECUPERACIÓN INTEGRAL PARA VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO**

- ***O CRI dará servizo ás mulleres vítimas de violencia que residan en toda Galicia e ás persoas ao seu cargo, especialmente aos seus fillos e fillas***
- ***Será un centro de referencia e innovador, xa que ofrecerá unha atención integral ás vítimas desde o inicio do proceso ata a súa completa recuperación***
- ***Un equipo multidisciplinar e especializado asistirá as vítimas nas áreas psicolóxica, xurídica e social***

O Consello da Xunta aprobou, na súa reunión de hoxe, o decreto polo que se regula a creación do Centro de Recuperación Integral para mulleres que sofren violencia de xénero (CRI), que empezará a funcionar no prazo dun mes desde a publicación do presente decreto no *Diario Oficial de Galicia*.

Aínda que a súa sede estará en Santiago, o Centro dará servizo a mulleres vítimas de violencia que residan en Galicia e ás persoas ao seu cargo, especialmente ao seus fillos e fillas. Baixo a dirección do CRI, un equipo multidisciplinar e especializado encargárase de asistir as vítimas e atender as súas demandas nas áreas de intervención psicolóxica, xurídica e social.

A diferenza doutros existentes (casas de acollida, casas tuteladas,...) o CRI será un centro de referencia e innovador xa que ofrecerá un modelo de atención integral ás vítimas de violencia de xénero desde o inicio do proceso ata a súa completa recuperación. É dicir, non terá un carácter residencial, senón que será un centro pioneiro que proporcionará unha atención integral, de carácter ambulatorio e asistencia multidisciplinar. Non obstante, manterase en estreita colaboración co resto dos servizos en materia de violencia de xénero co fin de evitar duplicidades e optimizar esforzos e recursos, xa que actuará como centro coordinador da Rede galega de acollemento ás vítimas de violencia.

Así mesmo, no CRI aplicaranse terapias e labores de asesoramento ás vítimas, actuará como centro formador de profesionais e persoal voluntario na loita contra a violencia de xénero e será centro colaborador co Punto de coordinación das ordes de protección de Galicia.

En definitiva, o modelo de atención integral ás vítimas que se aplicará no Centro estará baseado nun sistema coordinado de servizos, recursos e medidas de carácter social, laboral e económico, de xeito que se evitan duplicidades, se racionaliza a xestión e, por tanto, gáñase en eficacia e eficiencia.

A posta en marcha do Centro de Recuperación Integral para Mulleres Vítimas de Violencia de Xénero é un compromiso asumido polo Goberno galego e recollido no VI Plan galego de igualdade.

Desde o punto de vista administrativo, o dito Centro será unha unidade adscrita á Secretaría Xeral da Igualdade, polo que para darlle contido legal, o decreto aprobado hoxe modifica o decreto de estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, así como o Regulamento orgánico da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia.



## A XUNTA APROBA A MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLANEAMENTO DE VILABOA QUE REGULARIZA A CONSERVEIRA CONNORSA E PERMITE AMPLIAR AS SÚAS INSTALACIÓNS

- *A modificación puntual corrixe o erro que supuxo non recoñecer este asentamento industrial previo á actual Lei de costas, nas normas subsidiarias municipais do ano 1988*
- *Deste xeito dáse seguridade xurídica á empresa, maior estabilidade aos actuais postos de traballo e posibilita a creación de máis emprego, xa que posibilita ampliación da fábrica.*
- *Conservas do Noroeste localízase no fondo da ría de Vigo, na beira oeste da enseada de San Simón, e próxima ao núcleo de Acuña, na parroquia de San Martiño de Vilaboa*
- *Conta cun ámbito duns 42.000 metros cadrados de superficie, dos que aproximadamente 9.500 xa están construídos, mentres que outros 9.500 metros cadrados destinaranse á ampliación*
- *A proposta supón, ademais, a realización de melloras na urbanización dos espazos libres e no eido ambiental*
- *A Xunta destaca a colaboración mantida tanto co concello como coa propia empresa para poder axilizar esta modificación puntual*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba definitivamente a modificación puntual das normas subsidiarias municipais de Vilaboa no lugar de Acuña. Este cambio ten como obxectivo reclasificar o solo do ámbito, que pasará de non urbanizable común a urbanizable delimitado, para recoñecer a existencia da fábrica Conservas do Noroeste (Connorsa) e posibilitar a ampliación das súas instalacións, conforme o establecido na disposición transitoria décimo terceira da Lei do solo.

A modificación puntual corrixe o erro que supuxo non recoñecer este asentamento industrial previo á actual Lei de costas nas normas subsidiarias municipais do ano 1988. Deste xeito dáse seguridade xurídica á empresa, maior estabilidade aos actuais postos de traballo e posibilita a creación de máis emprego, xa que posibilita a ampliación da fábrica.

Conservas do Noroeste localízase no fondo da ría de Vigo, na beira oeste da enseada de San Simón, e próxima ao núcleo de Acuña, na parroquia de San Martiño de Vilaboa. Conta cun ámbito duns 42.000 metros cadrados de superficie dos que aproximadamente 9.500 xa están construídos, mentres que outros 9.500 metros cadrados destinaranse á ampliación das instalacións cara ao suroeste, ao pé do Monte da Croa e seguindo o trazado do camiño existente paralelo á costa. A proposta supón, ademais, a realización de melloras na urbanización dos espazos libres e no eido ambiental.



O Goberno galego é consciente da importancia do sector conserveiro e pesqueiro nesta zona, xa que acada o 30 % da súa poboación activa, despois de sector servizos e por riba da construción.

### **Tramitación**

A Xunta destaca a colaboración mantida tanto co concello como coa propia empresa para poder axilizar esta modificación puntual. A Administración autonómica eximiuna de ter que someterse ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica, posto que abrangue unha zona de reducido ámbito territorial en que xa existe unha industria actualmente en funcionamento que non presenta efectos ambientais significativos.

Durante o período de consultas ambientais recibíuse resposta do organismo Augas de Galicia, en cuxo informe se especifica que na zona de actuación non se atopa ningún río codificado polo Plan Hidrolóxico Galicia-Costa. Tamén se indica que, no caso de ser necesaria a utilización dos recursos hídricos, se deberán xustificar datos de caudal, volume de incremento de consumo previsto ou sistema de captación.

No que se refire á atmosfera, as emisións producidas na industria conserveira non se consideran importantes porque a cantidade emitida é pequena. O carácter illado do ámbito no contorno, tanto pola distancia aos núcleos habitados máis próximos como pola orografía do terreo, fai que os efectos ambientais previsibles en relación a esta variable non se consideren significativos.

Por outra banda, nin a reclasificación do solo nin a futura ampliación da conserveira van ter efectos ambientais relevantes sobre a vexetación e a fauna existentes no ámbito. No eido do patrimonio, os elementos de especial interese quedarán respectados polas actuacións que se desenvolvan.

Durante a súa tramitación, a modificación puntual obtivo informes favorables da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio, da Dirección Xeral da Costa e do Mar do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, entre outros organismos. Finalmente, obtivo o visto e prace da Comisión Superior de Urbanismo de Galicia no pasado 18 de decembro, paso previo á súa aprobación polo Consello da Xunta.



## **A XUNTA PORÁ EN MARCHA 100 PLANS ESTRATÉXICOS QUE GUIARÁN A ACCIÓN DO GOBERNO GALEGO PARA OS PRÓXIMOS ANOS**

- *Trátase dunha planificación previsible, coordinada e transparente que incide nos cinco eixos fundamentais marcados no Plan estratéxico de Galicia aprobado en 2010*
- *Os plans atinxen aspectos relacionados coa cohesión social e o benestar, a economía e o emprego, o coñecemento, o equilibrio territorial e a administración eficiente*
- *Seguindo os criterios da Lei de racionalización, serán os empregados públicos, con carácter xeral, os encargados de elaborar os documentos*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a planificación da acción do Goberno autonómico para os próximos anos e que se concreta na posta en marcha de 100 plans de actuación que estruturan todo o seu programa de goberno no que resta de legislatura.

Con esta planificación temporal, o Goberno da Xunta adquire un compromiso público cos galegos e galegas e consolida a súa aposta por unha acción de goberno previsible, planificada, coordinada e coherente.

De acordo co marcado na Lei de racionalización xa aprobada, todos estes plans serán elaborados por empregados públicos e so se recorrerá á consultaría externa naqueles casos en que se acredite debidamente a falta de medios propios para realizalos. Ademais, unha vez aprobados, os documentos serán expostos para que se poidan coñecer todas as medidas e os obxectivos concretos que se persigan.

Cada un dos plans previstos englobábase nalgún dos cinco eixos estratéxicos recollidos no Plan estratéxico de Galicia aprobado en 2010 e que son cohesión social, benestar e calidade de vida; dinamización económica, crecemento e emprego; economía do coñecemento; sustentabilidade ambiental e equilibrio territorial; e administración austera, eficiente e próxima ao cidadán.

### **Cohesión social**

No eido da cohesión social e mellora da calidade de vida, incidirase en temas relacionados cos servizos sociais (está previsto poñer en marcha este ano que entra o Plan galego de política familiar, a Estratexia galega de apoio ao menor e a Estratexia de inclusión social), cos servizos e a xestión sanitaria, a demografía e a educación (Plan de Convivencia escolar, Plan do libro, lectura e bibliotecas). Tamén está previsto, entre outros, elaborar un plan de modernización dos servizos de emerxencias.

### **Eixo económico**

Canto ao eixo económico, os plans do Goberno galego teñen como obxectivo principal lograr a reactivación económica, o crecemento e o emprego. Para tal fin, este ano serán aprobados o Plan Galicia emprende (de apoio a emprendedores de calquera sector), o



Plan Galicia internacional (de internacionalización e captación de investimentos do conxunto da nosa economía), o Plan de investimentos conxuntos da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal (para aproveitar as sinerxias co país veciño con proxectos respaldados por fondos europeos) e o Plan estratéxico da xuventude (para a súa inserción no mercado laboral).

As actuacións en materia económica completaranse con actuacións que incidirán no ámbito das infraestruturas, liñas específicas para sectores produtivos estratéxicos (turismo, comercio, artesanía, acuicultura, forestal,...) e o impulso ás cooperativas.

### **Tecnoloxías**

No que atinxe ao eixo da economía do coñecemento, o reto que se marca o Goberno da Xunta para os vindeiros tres anos é avanzar na converxencia con Europa no ámbito tecnolóxico e da economía do coñecemento. Neste último eido, ademais da Estratexia RIS3 de especialización intelixente, poñeranse en marcha un Plan de capacitación empresarial e outro programa para captación e retención do talento galego.

No campo das tecnoloxías, en 2014 reforzarase a seguridade cun plan director de seguridade, e traballarase para aumentar a capacidade de acceso da poboación ás novas tecnoloxías. Tamén este ano que entra se porá en marcha o Proxecto Alén (de introdución das novas tecnoloxías no sistema educativo), aprobarase o Plan de inclusión dixital e un Plan TIC dirixido á xestión e difusión no eido cultural).

### **Cohesión territorial**

No eixo da sustentabilidade ambiental e o equilibrio territorial está previsto, entre outros, a aprobación do novo Programa de desenvolvemento rural, a renovación do Plan Hurbe (para equipamento dos concellos de menos poboación) e un novo Plan cartográfico.

Continuarase, así mesmo, con actuacións específicas para a planificación hidráulica, a xestión dos residuos, a eficiencia e a sustentabilidade enerxética (con plans de aforro enerxético e cun Plan de acción integral da biomasa) e para o transporte público.

### **Eficiencia e transparencia**

Por último, atendendo aos compromisos adquiridos desde o primeiro momento, o Goberno galego continuará a súa aposta pola administración austeria, eficiente e próxima ao cidadán. A este respecto, en 2014 entrará en vigor o Plan Achega, de axilización administrativa, co fin de reducir cargas e tempos de tramitación. Así mesmo, aprobarase un novo Plan transversal de modernización da Administración Pública, que integre as TIC no traballo ordinario dos empregados públicos; un Plan de mellora da contratación pública (derivado da Lei de racionalización) para avanzar na centralización de contratos e simplificación de trámites; e un Plan de transparencia para adaptarse ás exixencias da nova normativa estatal.





No que atinxe á modernización da Xustiza, este ano porase en marcha un novo Plan Senda de modernización tecnolóxica e o Plan Xust-Innova 2014-2016 para a nova organización da administración de Xustiza.



## **A XUNTA APROBA A PLANIFICACIÓN PARA DESENVOLVER REGULAMENTARIAMENTE AS SÚAS LEIS NESTA LEXISLATURA**

- ***Con esta iniciativa continúaase co proceso iniciado na primeira metade do ano polo calendario lexislativo e o Plan de simplificación lexislativa***
- ***Ao longo do 2014 completárase o desenvolvemento de leis como a Lofaxga, política industrial, patrimonio, vivenda, fomento da innovación e universidades***
- ***As Directrices de técnica normativa recomendarán ás leis concretar o máis posible os seus desenvolvementos regulamentarios e prazos de aprobación***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Programa de desenvolvemento lexislativo da IX Lexislatura, unha completa planificación para desenvolver regulamentariamente as leis aprobadas no Parlamento galego, co obxectivo de conseguir que Galicia dispoña dun ordenamento xurídico completo, claro e operativo, no cal as nosas leis teñan a máxima eficacia na súa aplicación.

Esta programación completa o proceso iniciado na primeira metade do ano polo calendario lexislativo e o Plan de simplificación lexislativa. Estas iniciativas centráronse en actualizar os textos lexislativos con máis de dez anos de antigüidade e en reducir o ordenamento legal vixente, agrupando nun único texto as disposicións dispersas sobre un mesmo asunto.

Agora, o Goberno galego dá un paso máis e aborda unha revisión e planificación sistemática do desenvolvemento regulamentario das súas leis, que incide no obxectivo común de acadar unha normativa renovada, máis intuitiva, máis ordenada, ben desenvolvida e, polo tanto, máis eficiente e clara para o administrado.

O momento actual, no cal preto dun terzo das normas previstas no calendario lexislativo foron xa aprobadas no Parlamento e outras sete están redactadas e rematando os seus trámites para seren enviadas nos próximos meses, é o axeitado para centrarse en completar o desenvolvemento regulamentario das leis que foron aprobadas en anos anteriores.

Por iso, o acordo aprobado hoxe proxecta para o ano que vén o grosu do desenvolvemento regulamentario pendente. Ao longo do 2014 está previsto completar o desenvolvemento de leis como a de apoio á muller embarazada, a Lofaxga, a de disciplina orzamentaria, política industrial, patrimonio, vivenda, do taxi, de fomento da innovación e a Lei de universidades, inclusión social, garantías de prestacións sanitarias, emprendemento e racionalización do sector público. Así mesmo, continuaranse aprobando decretos reguladores das leis do deporte, galeguidade, montes e do turismo e iniciaranse os primeiros desenvolvementos da Lei de impulso ás infraestruturas de telecomunicacións.



Pola súa banda, no ano 2015 está previsto que se complete o desenvolvemento das leis de augas e do comercio interior; así como a aprobación de toda a concreción regulamentaria das leis de apoio á familia, mobilidade de terras, acción voluntaria, bibliotecas, xuventude, estradas e caza. O exercicio pecharase cos derradeiros decretos de desenvolvemento das leis de turismo, deporte, montes e galeguidade.

Finalmente, no último ano da legislatura, despois de ter aprobada a Lei de asociacións de consumidores que figura no calendario legislativo da Xunta, concretaranse os desenvolvementos da Lei de protección ás persoas consumidoras, para conseguir que se adapten a ambas as normativas.

### **Coordinación e claridade normativa**

Co acordo aprobado esta mañá facúltase a Vicepresidencia para coordinar o seguimento e o cumprimento desta planificación do desenvolvemento regulamentario, dentro do seu papel de coordinadora en relación á planificación interdepartamental e á súa execución, ao programa legislativo da Xunta de Galicia e á elaboración de normas de carácter xeral.

Do mesmo xeito, tamén se acorda introducir nas futuras directrices de técnica normativa a recomendación de incorporar en todas as leis unha disposición derradeira que concrete coa maior exactitude posible cales serán os desenvolvementos regulamentarios desa norma e os seus prazos de aprobación, exixindo, por tanto, ás normas legais un maior grao de planificación sobre a súa futura concreción e impedindo que queden en papel mollado.

Estas medidas veñen completar e complementar outras postas xa en marcha sobre o desenvolvemento regulamentario. Así, hai que lembrar que a Lofaxga elevou a rango de lei a regulación da potestade regulamentaria, establecendo un procedemento claro e detallado con efectos directos na simplificación administrativa e na mellora da calidade normativa.

Do mesmo xeito, tamén a lei de racionalización, cuxo proxecto está a ser tramitado no Parlamento galego, incide no compromiso da Xunta coa racionalización, simplificación e mellora da calidade normativa.



## **A XUNTA APROBA O PLAN ANUAL DE COOPERACIÓN PARA 2014, CUN ORZAMENTO QUE SUPERA OS CATRO MILLÓNS DE EUROS**

- ***Por primeira vez inclúese unha convocatoria específica de axudas para proxectos de investigación liderados por universidades galegas***
- ***Atenderanse proxectos de cooperación no exterior e de educación para o desenvolvemento, axuda de emerxencia e bolsas de formación de expertos entre outros***

O Consello da Xunta deu o seu visto bo ao Plan Anual da Cooperación Galega para o Desenvolvemento 2014, o informe que recolle o conxunto de actuacións que a Xunta de Galicia desenvolverá neste eido durante o vindeiro ano, o primeiro do III Plan director.

O Plan 2014 foi elaborado pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea e recolle os compromisos, os medios de actuación e os recursos orzamentarios previstos para o desenvolvemento de iniciativas concretas no ámbito da cooperación galega. O seu orzamento é de máis de catro millóns de euros, o que supón o mantemento dos fondos con respecto ao ano anterior.

Con estes cartos, por exemplo, cubriranse os compromisos adquiridos en 2013 con preto de vinte proxectos de ONGD beneficiarias da convocatoria pública de Educación para o Desenvolvemento ou a través de varios convenios con CETMAR e Augas de Galicia.

Tamén se financiarán distintas liñas de axudas tradicionais, como as destinadas a proxectos de cooperación no exterior -1,9 millóns de euros-; as convocatorias de subvencións para proxectos de educación para o desenvolvemento e fortalecemento de ONGD –máis de 200.000 entre ambas-; as bolsas de formación de expertos en cooperación internacional -94.000 euros- e o mantemento dunha liña financeira para axuda humanitaria ou de emerxencia, para a cal se destina máis de medio millón de euros.

### **Proxectos de investigación das universidades**

Ademais, como novidade, por primeira vez publicárase unha convocatoria específica de axudas para proxectos de investigación liderados por universidades galegas, co fin de potenciar e impulsar esta dimensión da educación para o desenvolvemento. A dotación desta convocatoria, que será plurianual, será de 150.000 euros en total, repartidos entre 2014 e 2015.

O Plan de actuación 2014 recolle a sinatura de convenios coa Coordinadora Galega de ONGD e o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade para actividades de formación



e sensibilización e a continuidade da colaboración coa Consellería de Educación a través do Plan Proxecta.

En colaboración co CETMAR, e apostando por unha orientación estratéxica da Cooperación Galega, seguirase colaborando con proxectos de asistencia técnica que faciliten a transmisión de coñecementos e tecnoloxía aos países do Sur e a continuidade do Programa de Formación en Pesca Artesanal e Acuicultura (Profopac) de Centroamérica.

### **Avaliación e reflexión**

Por último, o Plan 2014 quere avanzar na avaliación das actuacións financiadas para mellorar a calidade da axuda, dando cumprimento aso compromisos do III Plan director da cooperación galega. Por iso, realizarase, por exemplo, a avaliación dos proxectos financiados desde 2007 na República Dominicana; e afondarase nas actuacións iniciadas en 2010 para aproveitar as posibilidades de financiamento ofertadas pola UE e outros organismos en proxectos conxuntos no ámbito da cooperación ao desenvolvemento.

Finalmente, o vindeiro ano 2014 está previsto que se inicia un proceso participativo de reflexión dos actores galegos de cooperación e dos partidos políticos con representación parlamentaria para valorar a oportunidade de proceder a elaborar unha nova lei galega de cooperación, máis adaptada a realidade actual.

### **III Plan Director 2014-2017**

A semana pasada o Consello da Xunta aprobaba o III Plan director da cooperación galega para o desenvolvemento 2014-2017, a folla de ruta da cooperación exterior do Goberno galego para os vindeiros catro anos. A planificación, que conta co informe favorable do Consello Galego de Cooperación (CONGACODE), foi remitida ao Parlamento para a súa aprobación definitiva.

O III Plan ten un carácter máis estratéxico e busca a posta en valor dos aspectos cualitativos da nosa cooperación, afonda na concentración xeográfica e sectorial da axuda galega -que xa se iniciou co II Plan- e aposta por unha orientación estratéxica das actuacións de cooperación que poña en valor as singularidades de Galicia, poñendo énfase na especialización en determinados sectores nos cales dispón de demostrada experiencia.

A cooperación galega orientarase na busca de maiores complementariedades, explorando novas vías de financiamento internacional para proxectos que poderían levar a cabo os departamentos da Xunta en asociación cos axentes de cooperación; e no fomento de alianzas estratéxicas para a posta en marcha de liñas de actuación novas aproveitando a experiencia dalgúns actores.



O novo Plan director concentra os países prioritarios en nove, cara aos cales se orientará en maior medida -un mínimo dun 75-80 por cento dos recursos destinados a cooperación no exterior- o esforzo do sistema galego de cooperación: Mozambique, Bolivia, Ecuador e Perú República Dominicana e Guatemala, El Salvador, Honduras e Nicaragua.



## O NOVO DECRETO DE APROVEITAMENTOS FORESTAIS REGULARÁ POR PRIMEIRA VEZ A RECOLLA DE CORTIZA E COGOMELOS NO MONTE

- *A norma establece claramente que o dono do monte é o propietario dos recursos forestais que nel se producen e ten dereito ao seu aproveitamento*
- *O decreto, que desenvolve a Lei de montes, regula tamén os aproveitamentos de madeira establecendo un período máximo de 6 meses para dar inicio á retirada de madeira queimada no caso de que supoña problema de sanidade vexetal ou de enxurradas*
- *O decreto determina que o aproveitamento de pastos polo gando en montes e terreos forestais é un aproveitamento forestal*
- *O texto regula o rexistro de empresas do sector forestal (RESFOR), no que deberán inscribirse as empresas e facilitar información sobre a súa actividade con fins estatísticos*

O Consello da Xunta analizou hoxe o texto do futuro decreto da Consellería do Medio Rural e do Mar polo que se regulan os aproveitamentos madeireiros e leñosos, de cortiza, de pastos e micolóxicos en montes ou terreos forestais de xestión privada, así coma o contido, organización e funcionamento do Rexistro de Empresas do Sector Forestal (RESFOR).

A norma, que desenvolve parte da Lei de montes, establece claramente que o dono do monte é o propietario dos recursos forestais que nel se producen e ten dereito ao seu aproveitamento, regulando catro tipos de aproveitamentos: de madeira, de pastos, de cortiza e micolóxicos (estes dous últimos regúlanse por primeira vez de xeito específico neste texto legal).

Unha das novidades da norma é, xa que logo, a regulación dos aproveitamentos de cogomelos. Así, determínanse condicións específicas na realización destes aproveitamentos, consensuadas coa Federación Micolóxica de Galicia.

Neste sentido, establécense 3 tipos de aproveitamento. En primeiro lugar, os cogomelos para consumo propio, considerándose tales aqueles que chegan ata un máximo de 2 kg por persoa e día, sempre que non sexan produto de plantación. En segundo termo, os comerciais, que serían aqueles con que se pretenda obter un rendemento económico e requiren autorización do propietario do monte. Por último, con fins científicos, limitados a 5 unidades representativas enteiras por especie.

En todo caso, o decreto establece que o dono do monte poderá coutar unha parte ou a totalidade do seu terreo forestal para prohibir a entrada de persoas sen a súa autorización para a recolla de cogomelos ou froitos. Deberá comunicalo e sinalizalo claramente. A recolla de cogomelos para consumo propio ou con fins científicos ou



didácticos poderá efectuarse sen necesidade de autorización do propietario e sempre fóra da superficie coutada.





## A XUNTA ACTIVA UNHA NOVA CONVOCATORIA DO PROGRAMA CONECTA PEMES QUE MOBILIZARÁ 15 MILLÓNS EN AXUDAS Á INNOVACIÓN

- *O Goberno galego pon en marcha en só catro meses a segunda edición deste programa, dado o elevado nivel de concorrencia rexistrado na primeira*
- *Incentívase a innovación aberta á investigación e á transferencia dos resultados ao tecido empresarial, cofinanciando proxectos de colaboración de entre 3 e 6 empresas e, polo menos, un centro de coñecemento*
- *As iniciativas teñen por obxectivo xerar tecnoloxías novas pero tamén acreditar unha perspectiva de alto impacto económico para contribuír á competitividade e ao crecemento da economía galega*

A Xunta de Galicia está a desenvolver unha estratexia integral de innovación que, coa participación de todos os axentes do Sistema Galego de I+D+i, inclúe actuacións prácticas que redundan nun incremento da competitividade do tecido empresarial galego. Neste sentido, a Consellería de Economía e Industria abrirá o vindeiro luns unha nova convocatoria do programa Conecta Pemes que, dotada con 8 millóns de euros, mobilizará preto de 15 millóns en proxectos de innovación nas pequenas e medianas empresas galegas. Trátase da segunda edición en só catro meses, e dá resposta ao elevado interese amosado polas pemes galegas en contar con financiamento para levar a cabo proxectos de innovación en colaboración que priman a transferencia dos resultados ao propio tecido empresarial.

Neste sentido, cómpre lembrar que a primeira convocatoria beneficiou a máis dun centenar de pemes galegas que están a participar en 30 proxectos consorciados que mobilizan 25 millóns de euros en áreas estratéxicas específicas para pemes. Deste xeito, entre as dúas edicións mobilízanse un total de 40 millóns o que incrementa a capacidade científico-técnica do tecido empresarial galego e fomenta a colaboración público-privada a través do cofinanciamento de proxectos innovadores que fomentan a cooperación.

Esta segunda convocatoria incentiva, unha vez máis, a innovación aberta para a mellora competitiva das pemes, apoiando iniciativas en que participan un mínimo de 3 e un máximo de 6 empresas e, polo menos, un centro tecnolóxico ou de investigación. A contratación destes centros debe supoñer un mínimo do 15% do orzamento total do proxecto, o que supón que o programa, xestionado pola Axencia Galega de Innovación, reserva nesta convocatoria 1,2 millóns de euros da súa dotación ao financiamento de I+D e transferencia de coñecemento aplicado desde estes organismos.

O orzamento dos proxectos será de 600.000 euros en diante, e poderán abordar calquera ámbito temático. Non obstante, consideraranse especialmente aquelas iniciativas que actúen sobre áreas estratéxicas nas cales Galicia posúe contrastada



potencialidade para o desenvolvemento de proxectos de alto impacto, o que se aliña directamente coas prioridades temáticas establecidas na Estratexia de Especialización de Galicia (RIS3).

Nesta liña, prestarase especial atención aos proxectos relacionados coa saúde; a alimentación, agricultura, pesca e biotecnoloxía; as tecnoloxías da información e as comunicacións; as nanociencias, nanotecnoloxías, materiais e novas tecnoloxías de produción; a enerxía, especialmente a biomasa; o ambiente; o transporte, incluída a aeronáutica; as ciencias socioeconómicas e humanidades; e a seguridade, construción e enxeñaría civil e turismo.

### **Anticipos do 50%**

O programa ten por obxectivo apoiar proxectos que supoñan unha innovación disruptiva ou radical e que xustifiquen un alto impacto económico, polo que se valorará o innovador das tecnoloxías xeradas, pero, ademais, e moi especialmente, a súa capacidade para xerar rendibilidade no mercado e, en consecuencia, contribuír ao crecemento económico de Galicia. No caso de proxectos de investigación industrial, as pequenas empresas poderán beneficiarse de subvencións de ata o 60% e as medianas de ata o 50%, mentres que no caso das iniciativas de desenvolvemento experimental as porcentaxes ascenden ata o 80% para as pequenas e o 75% nas medianas.

As pemes galegas terán de prazo un mes a partir da publicación da convocatoria o vindeiro luns no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) para solicitar as axudas. Os beneficiarios contarán con anticipos por valor do 50% do total das subvencións concedidas, o que ten por obxecto optimizar a eficacia dos investimentos públicos en I+D+I para contribuír á mellora da liquidez das empresas.

